

TOURO SALVAXE

Martin Scorsese, 1980

1116

ESTREA EN NUMAX: 02.06.2023 | V.O.S.E. | 129 min

Robert De Niro forma equipa co director Martin Scorsese para crear unha eterna obra mestra. Nomeada a oito Oscars, entre eles o de mellor filme e mellor director.

De Niro interpreta a Jake La Motta, un boxeador cuxas complexidades psicolóxicas e sexuais desembocan en violencia tanto dentro como fóra do cuadrilátero. Joe Pesci e Cathy Moriarty son os coprotagonistas.

«Aínda golpea coma ningún outro filme de boxeo»

Peter Bradshaw, THE GUARDIAN



Touro Salvaxe desde a montaxe

Por Justin Morrow

No marco do Festival de Cinema de Tribeca, Thelma Schoonmaker, montadora de Martin Scorsese durante moitos anos, sentou a falar sobre o que anunciaba como un repaso da súa carreira. O que verdadeiramente fixo foi unha explicación detallada das técnicas de montaxe e cinematográficas, así como outros datos de produción sobre o minucioso traballo que supuxo rodar *Touro Salvaxe*.

Schoonmaker, sentada no sofá dun escenario baleiro, tiña unha pantalla do chan ao teito detrás dela. Comezou comentando ata que punto a aparencia física de De Niro en *Touro Salvaxe*, a historia da vida do tráxico boxeador Jake LaMotta, se veu influenciada polos directores Michael Powell e Emeric Pressburger. O seu filme *The Life and Death of Coronel Blimp* (1943) representaba ao actor veterano Roger Livesay pasando por un cambio físico tremendo, dende un mozo ata o vello Coronel Blimp.

Era un dos filmes favoritos de Scorsese e unha inspiración para a transformación física que se necesitaba de De Niro ao ter que pasar da figura esvelta dun boxeador a ir aumentando cada vez máis de peso. Livesay dixo que conseguira ese efecto grazas a “actuación” e o uso de dobres e maquillaxe, o que Schoonmaker ilustrou con varios clips. Pero De Niro, por suposto, non escoitou. Insistiu en gañar o peso necesario para levar a cabo a súa interpretación, ata o punto de parar a produción dúas veces para gañar peso mentres Schoonmaker e Scorsese editaban o que levaban gravado.

Cando pensamos en *Touro salvaxe*, véñensenos á cabeza as icónicas imaxes en branco e negro, que evidencian a increíble dirección de fotografía de Michael Chapman. Pero segundo Schoonmaker, o filme estaba pensado para ser en cor! Para preparar o filme, Scorsese vira todos os filmes de loita da historia! Hoxe en día, con algúns directores isto parecería unha anécdota esaxerada, pero no caso de Scorsese, eu créoo. Cando Powell visitou Scorsese e viu a metraxe en 8mm da preparación de De Niro para boxear, mencionou a cor vermella das luvas. Isto fíxolle pensar a Scorsese en todos os combates de boxeo que vira na TV de neno en branco e negro e, aínda que non fose “real”, o branco e negro “sentíase” real.

Os únicos segmentos en cor son breves fragmentos dos vídeos caseiros de LaMotta (segundo Scorsese, estes son “mellores que *Touro Salvaxe*”). Consideraba que, sen sabelo, narraban a traxedia da vida de LaMotta e recreou fielmente moitos deles. Schoonmaker describe como ela e os outros montadores empregaron *jump cuts* para conseguir os efectos que buscaban. (Scorsese usou persoalmente unha percha para raiar os negativos desas películas caseiras). Para a voda de Jake, Scorsese inspirouse na voda dos seus propios pais; non podían permitirse un banquete, así que organizaron unha festa no tellado dos veciños. Scorsese recreou esta celebración e nalgúns das imaxes aparecen as fillas de De Niro.

Por aquel entón, a única forma de mesturar cor con branco e negro nun filme era empalmádoos. Schoonmaker lembra unha visita a unha sala de cinema o día da estrea e atopar o proxeccionista quitándolle a cor á copia. Cando lle preguntou que estaba facendo, o home explicou que tiña que proxectar un filme en branco e negro, pero que alguén metera a pata e puxera metraxe con cor nela!



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Maestro Scorsese,
Pau Gómez.
Timun Mas, 2020

El combate,
Norman Mailer.
Contra, 2013

Por un bistec,
Jack London.
Universidad de Salamanca, 2020